



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 23 DE

MAIO DE 2012

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e tres de maio de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, dona Rocio Vila Díaz, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asisten, con escusa, don Felipe Andreu Barallobre e don Fernando Caride Suárez.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións ordinarias de datas 2 e 7 de maio de 2012

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes ás sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local de datas 2 e 7 de maio de 2012 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

2º.- Correspondencia

- Correo electrónico recibido o día 16 de maio de 2012, procedente da Fundación Miguel Ángel Blanco, no que agradecen expresamente a este municipio que teña contribuído a perpetuar a memoria de todas as vítimas do terrorismo coa decisión de nomear como Miguel Ángel Blanco unha praza da localidade, e propoñen, para o día 13 de xullo próximo, que o Concello de Cambre convoque unha sinxela homenaxe de ofrenda floral na citada praza, e se garden uns minutos de silencio pola dignidade e memoria que se debe a todas as vítimas do terrorismo.

- Orde do 16 de maio de 2012, Consellería de Traballo e Benestar, pola que se amplía o prazo para a presentación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais no exercicio 2012 (DOG número 94, do 18 de maio de 2012). Debido a persistencia dalgúns problemas técnicos na aplicación informática, amplíase o prazo no presente exercicio orzamentario 2012 en 15 días hábiles a partir do día seguinte ao 19 de maio.

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que se convocou a Mesa Local de Comercio do Concello de Cambre para o vindeiro día 28 de maio, ás 12:30 horas, co fin de tratar os seguintes asuntos:

- Información do Decreto 118/2012, de 20 de abril, polo que se regula o Rexistro Galego de Comercio.
- Información das actuacións a levar a cabo para a promoción do comercio no municipio (X Feira do comercio e artesanía de Cambre; TempleStock 2012 feira de oportunidades setembro; campaña de Nadal; solicitude á Consellería de Traballo e Benestar do proxecto "Mellora do visual merchandising"; posta en marcha da páxina web do tecido empresarial de Cambre)
- Información sobre a ordenanza de venda ambulante.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que hoxe, ás 11:30 horas, ten prevista unha reunión co director da obra da rúa Pígaro para decidir que hai que facer. Así mesmo, manifesta o seu malestar polas noticias que están a saír na prensa sobre este tema, por exemplo, a que saiu onte en 'La Voz de Galicia' na que se dicía que o único que quedaba por facer para que a rúa deixara de estar curtada era pintar o paso de peóns. Pregunta como saen este tipo de noticias na prensa, porque debido aos problemas co aglomerado, o máis posible é que haxa que levantar todo. Manifesta que antes de poñer noticias deste tipo deberían chamar ao concello para confirmalas, xa que o único que ocasionan e problemas e malestar cos veciños.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

O Sr. alcalde sinala que non se trata dunha nota de prensa que teña saído do concello, senón dunha noticia da redacción dese xornal. Di que chamará a Elena Silveira para saber que pasou, pero que o máis probable é que falaran con alguén da obra.

Don Manuel Marante Gómez destaca o problema que está ocasionando a finalización desta obra. Xa teñen os resultados das probas que se fixeron, e unha das posibles solucións sería botar unha capa de 2 centímetros dun aglomerado por enriba, pero non lle parece que esa sexa unha solución adecuada, porque as cousas hai que facelas ben.

Di que iso pasa porque os prezos que ofertaran eran ridículos, non teñen nada que ver con outras obras que se están a facer por outras empresas. O problema que agora teñen é que levantar todo iso vai custar diñeiro, e corren o risco de que deixen a obra abandonada, cousa que non se poden permitir, porque non hai que olvidar que se trata dunha obra do Arume e que hai un prazo para rematala e xustificala.

O Sr. alcalde sinala que o contratista desa obra é Urbaser, empresa do grupo ACS, é dicir non se trata dunha empresa calquera, e se o subcontratista deixa a obra abandonada, haberá que falar con Urbaser e deixar as cousas claras, dicirlles que non cobran e se é necesario rescindir o contrato.

Don Manuel Marante Gómez explica que o que ocorre é que xa foron cobrando as certificacións polos traballos realizados, xa que ata agora todo estivo ben, e só están fallando agora ao final, co remate da obra. O problema é que iso non importa á hora de xustificar a subvención, para xustificala toda a obra debe estar terminada correctamente.

A continuación, informa que proximamente estarán acondicionados os maceteros pequenos das prazas da Barcala con prantas que non necesitan rego. O problema que se atopan é cos maceteros de ferro, sobre os cales o Sr. alcalde informou que había queixas por humidades. Di que van estudar o tema, pero non cre que a brigada de obras teña a capacidade para retirar todos eses maceteros, xa que pesan moito e a brigada carece de medios materiais adecuados.

O Sr. alcalde confirma que algúns veciños queixaronse porque lles pasa a humidade aos sotos.

Don Manuel Marante Gómez explica que se trata dun tema problemático, xa que é posible que uns veciños se queixen, pero que outros opinen o contrario. Suxire que de momento se quiten aqueles maceteros sobre os que existe unha queixa concreta, e se comprobe se efectivamente son a causa dos problemas de humidade, xa que naquela zona existen moitos problemas dese tipo, e, ademais, están falando de moitos maceteros.

O Sr. alcalde amosa a súa conformidade, pero sinala que, en todo caso, o que é urxente é facer algo coa inseguridade e perigosidade que ocasionan, xa que hai pouco tempo estivo vendo como xogaban algúns nenos neles e son un auténtico perigo.

Don Manuel Marante Gómez contesta que verán de poñer algún tipo de beiril redondeado, porque son moi afiados, e, ademais, enchelos de terra.

Dona Marta María Vázquez Golpe informa ao concelleiro de Obras que na parcela do Centro de Formación do Espírito Santo depositaron un montón de pedras.

O Sr. alcalde manifesta que o feito de que agora a xente teña que pagar por levar os entullos a un lugar autorizado, está levando a que moitas persoas actúen así. Salienta a situación que está tendo lugar en Graveras do Barcés.

Don Manuel Marante Gómez recoñece que é un problema que están tendo en moitos lugares do municipio. Un día arranxan unha cousa, e ao día seguinte volve estar rota, pintada, etc. Precisamente por todos estes casos é polo que tiña a intención de colocar cámaras no Centro de Formación, e agarda que hoxe mesmo o xefe da Policía Local lle entregue un informe ao respecto, para coñecer a viabilidade do proxecto, os permisos necesarios, etc.. Di que van ter que comezar a poñer cámaras nas zonas máis conflictivas, coa autorización correspondente da Delegación do Goberno, claro está.

O Sr. alcalde solicítalle ao Sr. concelleiro de Obras que comprobe a situación na piscina do Temple, xa que lle chegaron noticias de que había nenos que accederan ao seu interior, co conseguinte perigo para a súa integridade.

Don Manuel Marante Gómez responde que comprobará o que pasou co valo.

A continuación, dona M^a Jesús González Roel pregunta se non é posible facer algo cos numerosos baixos que existen na Barcala e que están pechados con ladrillo, xa que dan unha gran sensación de abandono.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que poden facerlles unha petición, un requirimento por escrito aos propietarios, para que os adecenten, talvez con base na ordenanza de ornato público

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que se celebraron os actos de conmemoración do Día das Letras Galegas con gran afluencia e éxito de público.

Tamén informa que houbo unha reunión cos concellos de Cabanas e Carral, para tratar o tema do Camiño Inglés, xa que este ano correspóndelle a Cambre a presidencia. Queren facer unha xuntanza para estudar a posibilidade de consituirse nunha mancomunidade.

O Sr. alcalde sinala que este tema pode resultar interesante para Cambre dende o punto de vista turístico, sobre todo porque pode servir para conseguir fondos europeos.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que, con motivo do fin de curso, dende o instituto Afonso X O Sabio solicitaron a presenza do Sr. alcalde e dela mesma, como concelleira de Educación, co fin de dicirlles unhas palabras aos nenos que agora terminan.

Por outra parte, solicita do concelleiro de Obras que comprobe o que pasa co semáforo e farol da Pena, xa que non funciona correctamente.

O Sr. alcalde sinala que se trata dunha zona moi perigosa.

Don Manuel Marante Gómez contesta que comprobará o tema. Para rematar, informa que acaba de recibir unha chamada en relación co tema da piscina do Graxal na que lle confirman que, efectivamente, alguén cortou unha parte do valo para acceder ao seu interior, en todo caso, di que posiblemente o luns comecen co recheo desa zona.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Manuel Rivas Caridad



A secretaria xeral

María Luisa de la Red Ampudia

